

PROBLEMAS DE COMPARTIMENTACIÓN ESPACIAL DO CASTREXO GALAICO

por

L. Xulio Carballo Arceo
Juan L. Naveiro Lopez
Pepa Rey Castineira

Xa desde hai anos na bibliografía galega e portuguesa véñense destacando as diferéncias observadas nalguns materiais arqueolóxicos da área meridional da cultura castrexa, respecto á septentrional. Mesmo, algúns autores (Ferreira, 1986: 164-167) cren que estas subáreas coincidirían coas posteriores divisións administrativas dos conventos Lucence e Bracarense.

A pesar de estar claras as diferéncias entre as subáreas meridional e septentrional, existen, non obstante, matices que convirá ter en conta en investigacións futuras; hai que falar por exemplo de diferéncias entre a costa e o interior e despois, dentro dela, entre a Norte e a Sur. As bacías dos ríos xogan tamén en todo isto un papel primordial. Entrar a comentar algúns dos aspectos que atinxen a esta compartimentación espacial da cultura material castrexa, sera pois o obxectivo fundamental deste traballo.

Ante tal intento aparece um grande inconveniente, de momento insoslaíavel. E o grande vacío documental existente na totalidade da provincia de Lugo e na parte oriental da de Ourense, con contadas excavacións, das que nunca foron dados a coñecer os seus materiais.

Por outra parte, a aínda incipiente periodización do castrexo, con problemas na atribución definitiva dos materiais e con fortes descompensacións entre os datos correspondentes a cada unha delas, fai aínda máis difícil unha argumentación estruturada ao completo, sobre todo no que se refire á parte galaica.

Deixamos claro pois que a nosa análise refírese á metade occidental galaica, por ser a zona que ten datos suficientes.

No que se refire ao aspecto cronolóxico, seguimos a periodización de Coelho (1986: 37) e a de Fariña (1983: 120) coas súas tres grandes fases. Pero, debido aos escasos asentamentos excavados da fase inicial da cultura castrexa,

que non permiten de momento atisbar diferéncias significativas de cara a definir subáreas culturais, a nosa análise vaise centrar exclusivamente nas fases II e III. A fase II, ou castrexo pleno, comenzaría a inicios do século V a.C., cun desenrrolo no IV, e o seu remate a comenzos do terceiro tércio do s. II a.C., cos primeiros contactos co mundo romano, a traves da campaña de Décimo Junio Bruto. Para esta etapa posuimos abundantes xacementos, moitos deles de excavación recente, que presentan unha distribución bastante uniforme por todo o territorio galego.

A fase III, ou castrexo final, comprendería desde fins do s. II a.C. até a segunda metade do s. I d.C., en que as reformas flavianas darían paso á cultura galaico-romana. Se ben hai datos importantes e significativos desta fase, de maneira contrária ao que puidera semellar aparentemente, coñecemos moi poucos castros dos que se poidan aillar os seus materiais respecto á fase precedente, tanto porque se trata de excavacións antigas, como porque se encontran sen publicar.

Devido a todos os problemas enumerados, seguramente este traballo sexa, en certo sentido, prematuro; pero, a nosa intención non é máis que pretender esbozar as diferéncias rexionais existentes dentro da área cultural comun, que sobrepasan as xa observadas con anterioridade para unha subárea meridional e outra septentrional. Somos conscientes, non obstante, que terán que pasar moitos anos antes de que un tema tan complexo como este poida ter un comenzo de solución definitiva. Para iso tera que suceder, entre outras cuestións, que sexan excavados máis castros de cada fase cultural en cada unha das comarcas máis representativas da totalidade da área cultural castrexa.

Desde o punto de vista da distribución dos castros no territorio, obsérvase unha maior concentración de asentamentos nos vales abertos dos principais ríos e nas zonas litorais, en clara consonancia cunha maior capacidade agrícola e cunha topografía máis favorábel, que non é aquí o caso estudar. As zonas de maior concentración de asentamentos castrexos devem ser provabelmente as que soportaron unha maior densidade de poboación, e, por conseguinte, as que gozaron dunhas condicións máis propicias para o dinamismo cultural. Estes factores, xuntamente coas liñas de fluxo exterior, reveladas polos materiais importados, son quizais os dous grandes conxuntos causais que permiten explicar o comportamento pluridireccional das diferentes subáreas culturais.

Para a nosa análise escolleremos como elementos de estudo a cerámica, en primeiro lugar, por ser o fósil máis abundante e o que se presta aos máis variados matices, — polo tanto o máis representativo —, xunto coa escultura e a arquitectura, porque quizais eles tres son os significantes máis activos dos posíbeis comportamentos locais ou rexionais. Outros elementos como os bronzes, os materiais de pasta vítrea e a orfebrería, ao ser, a maior parte das veces obxectos de prestíxio, poden non resultar tan expresivos de cara a posíbeis zonalizacións. De feito, no referente á produción metalúrxica parece haver

certas contradicións. Entre os produtos de bronce existen obxetos, como as sítulas con decoración xeométrica (Carballo, 1983), cun reparto por todo o territorio galego, tanto de Norte a Sur como de Este a Oeste, excepto, quizais, a zona central da provincia de Lugo e a oriental da de Ourense; vacio que hai que achacar, en principio, ao descoñecimento dos materiais dos castros desas zonas, por falta de excavacións.

Por outra parte, no campo das fíbulas das fases II e III, existen diferéncias. As de tipo Sabroso e Sta. Luzía teñen unha distribución exclusivamente meridional (Ponte, 1980)¹; as de longo travessao sem espira (Fariña, 1979) e de tipo transmontano (Ponte, 1980), están repartidas por toda Galiza².

No mundo da armeria detéctanse diferéncias Norte-Sur; mentras os puñais de antenas posúen un reparto septentrional, na subárea meridional predominan os puñais afalcatados.

No tocante á orfebrería parecen existir diferéncias, tamén, entre o Sur e o Norte; concretamente nas arracadas, Perez Outeiriño (1982: 180) detecta tipos que aparecen na parte septentrional, pero que non se documentan a partir do sur da bacia media e baixa do río Miño, e viceversa.

No que se refire á cerámica indíxena, albíscanse formas ou tipos cerámicos estandarizados nos seus diversos aspectos (perfil, tamaño, motivos e estrutura decorativa, sistema de cocción etc.), que demostran, se non a existencia dunha produción centralizada en talleres puntuais neste momento — posto que para falar disto habería que dispor doutro tipo de probas como análises de pastas, achados de fornos, etc. —, si unha grande comunión nos seus modos de facer, e que se agrupan insistentemente en áreas xeográficas concretas.

Nas excavacións antigas, se ben dispoñiamos de datos suficientes para demostrar este feito, as aportacións dos últimos anos, ademais de ratificar os espacios xeográficos xa antes delimitados³ e mesmo amplialos⁴, aportan unhas referencias cronolóxicas que permiten analizar a repartición no espacio deses tipos cerámicos nas súas fases correspondentes.

É certo que as estratigrafías até agora recompostas non supoñen un número suficiente como para consideralas representativas, e mesmo hai problemas para determinar con exactitude cando os materiais son característicos dun

¹ As fíbulas tipo Sabroso aparecen en Galiza unicamente nos castros de Sta. Trega e Oia, e as de tipo Sta. Luzía, em Sta. Trega, Troña e A Lanzada.

² As fíbulas de longo travessão sem espira estudadas por Fariña hai que agregar, as dos castros de Baroña, Borneiro, Montaz (Silleda), A Forca, Fozara, Vigo e Viladonga. As fíbulas tipo trasmontano recollidas por S. da Ponte hai que sumar as dos castros de Borneiro, Cameixa, Cortegada (Silleda), A Lanzada, Meirás, Sta. Trega, Troña, Vigo e Viladonga.

³ Sobre este tema remitímonos a Rey Castiñeira (en prensa).

⁴ Até o de agora tiñamos coñecemento claro da bacia média e baixa do Miño e do litoral das Rías Baixas. Hoxe, a zona do interior correspondente, ás Terras de Melide e Trasdeza, convertiuse nunhas das partes galaico-castrexas mellor coñecidas.

ou doutro período, sobre todo no referente á cerámica, onde as porcentaxes teñen moito que dicir na recomposición completa do proceso de formación, desenvolvemento e decadencia de cada un dos tipos. Aceptamos que para iso se necesita máis documentación e una mellora na metodoloxía das excavacións que se están a realizar. Non obstante, hai datos que convén salientar.

Salvo os xacementos excavados na Terra de Trasdeza, Terra de Melide e Ortigueira, que supuxeron o coñecemento dunha zona practicamente inédita e que ilustraron fundamentalmente a fase II e III do castrexo, o resto dos traballos arqueolóxicos recentes seguíronse a facer en maior número dentro da zona litoral das Rias Baixas e na cunca média e baixa do Miño, de maneira que a rede de puntos coñecidos, dende hai anos, agora é máis mesta, e dáse a circunstancia de que algúns xacementos distan entre eles poucos quilómetros (Vigo, Toralla, Cies) ou incluso metros (Forca, Trega), coa vantaxe de que cada un deles rexistra con maior intensidade unha fase determinada do castrexo (Forca, Cies, Toralla: Fase II; Trega, Vigo: fase III). Por esta razón a súa comparanza, na que esta garantizada sen lugar a dúbida, a pertenza, á mesma subárea cultural, lévanos a recompor cronoloxicamente as variacións que se producen na súa cultura material e fundamentalmente na cerámica.

FASE II

Para ilustrar esta fase do castrexo, son importantes os xacementos de Toralla e Cies na Ria de Vigo, e o castro da Forca, na beira do Trega, na desembocadura do Miño. Nestes tres xacementos destacan, sobre todo nos dous primeiros, dúas formas cerámicas que significativamente non aparecen nos castros de Vigo e Trega, e que, non obstante, se dan aquí nunha alta porcentaxe. Referímonos ás xerras tipo Toralla de perfil en «S» con decoración estruturada en bandas e cunha asa adornada con surcos profundos⁵ (fig. 1, nº1) e as grandes vasillas («Borde tipo Cies») co colo moi estrangulado e o lábio ensanchado cun reforzo que lle confire unha sección trapezoidal moi peculiar (fig. 1 nº 2). Estas sempre levan no corpo dous cordóns horizontais paralelos entre si, e partindo deles, outros máis planos que percorren a panza en sentido vertical; asociados a eles están diversos motivos estampillados, que flaquean ou se sobrepoñen aos cordóns horizontais paralelos entre si, e partindo deles outros máis planos. Tamén o lábio ten ás veces a mesma decoración. Ambas as dúas formas rexístranse coa mesma claridade en todo o litoral das Rias Baixas e polo que até agora coñecemos non superan este ámeto (fig. 2). No castro de Recarea (Mazaricos) rexistráronse tres xerras, pero en Borneiro non apareceu nengun dos dous tipos. En dirección Este, os puntos máis ao interior están nos

⁵ Sobre elas véxase o traballo de Rey Castiñeira (1982).

castros de Piñeiro e Cascaxide (Silleda), pero en realidade trátase de dúas asas ailladas de xerras, que xa pouco teñen que ver coas costeiras. Cara ao Sur é importante dicir que non superan a raia do Miño.

No castro da Forca hai ademáis outras pezas cerámicas que escasean en Toralla e que non apareceron en Cies, nen en todo o litoral das Rias Baixas. A súa dispersión xeográfica céntrase da ría de Vigo cara ao Sur, entrando en Portugal, e ao longo da bacia média e Baixa do Miño (fig. 2). Trátase de dúas formas semellantes no seu perfil en «S», no tamaño e tamén nas superficies brillantes, cubertas de engobe ou ás veces brunidas con grande uniformidade. Non obstante, diferéncianse na decoración. Unha delas, a «tipo Castromao» (fig. 1, nº 3), sempre leva o colo acanalado verticalmente, dous sulcos na parte interior do lábio, e outros tantos no nacemento da base; o ombro adórnase cunha banda reticulada incisa da que xorden, en perpendicular, feixes de liñas incisas ou brunidas que transcorren en paralelo pola panza ou formando triángulos. A vasilla «tipo A Forca» (fig. 1, nº 4) ten o colo liso e no ombro van unha ou dúas cenefas cheas de motivos estampillados, sobre todo SSS entrelazados que se enmarcan con liñas puntilladas. A panza adórnase co mesmo motivo das xa descritas, ou ben con triángulos de poca altura e base ampla recheos de liñas puntilladas, e dos vértices dos cales colgan un o varios círculos concéntricos estampillados. Cando son varios agrúpanse en forma de medallón triangular.

A converxencia de tipos nos castros da Forca, Peneda do Viso, Fozara e Troña — se ben nos dous últimos rexístranse con maior intensidade os correspondentes a Bacia do Miño — demostra que no tramo da desembocadura conflúen elementos das dúas subáreas, fundamentalmente nas zonas máis próximas ao litoral (fig. 2).

Fora desas dúas subáreas ben definidas, a das Rias Baixas e a do Médio-Baixo Miño, o resto do territorio ten máis dificultades na análise. Os castros excavados estan moi espallados, e a súa enmarcación cronolóxica ten problemas sérios.

Os recentemente excavados nas terras de Trasdeza e Melide, en total uns oito, fan un número importante para valoralos no seu conxunto. A súa análise deixa claro que en absoluto son partícipes dos tipos cerámicos das zonas anteriormente comentadas. Vese tamén entre eles unha uniformidade nos seus gustos e na forma de traballar o barro. Todos rexistran unha alta porcentaxe de vasillas cos bordes aristados (fig. 1, nº 5). Dase neles un **borde reforzado tipo Corredoiras** (fig. 1, nº 6), parecido aos marítimos da fase III, con baquetón exterior máis achatado e sen incisións que o decoren, coa cara superior sempre horizontal e plana, habitualmente decorada con follas de acácia estruturadas en metopas; o seu perfil non é en absoluto dunha grande vasilla globular-cerrada como as litorais, senon a de vaso aberto. Outra característica notábel é a escasez de vasillas decoradas, sobre todo é impor-

tante o pouco número de casos estampillados⁶. Prefiren as incisións, fundamentalmente as liñas quebradas. Os motivos plásticos fan tamén acto de presenza; as puntas de diamante son as máis representativas, van dispostas na panza en vertical ou debuxando retículas.

En moitas das características que atinxen ao conxunto anterior, son partícipes os castros situados na costa Norte, xa desde o castro de Recarea — que se ben participa, do caso das xerras, propio da subárea das Rias Baixas —, o resto das súas pezas son máis afíns ás do interior do val do Tambre-Ulla. Ten coma eles moitos bordes reforzados Tipo Corredoiras, abundan os aristados, escasean as decoracións, etc.

O mesmo se pode dicir dos castros de Elviña e Meirás, con todos os seus problemas de delimitación cronolóxica e de escasez de datos.

O castro de Borneiro presenta unha problemática difícil de solucionar. Aportou grande cantidade de cerámica, na que se poden delimitar tipos claros, algúns deles correspóndense cos xa citados para este ámeto (o abundante número de aristados, a esporádica aparición de estampilla e as fiadas de «puntas de diamante» compostas en retícula). Non aparecen os bordes reforzados tipo Corredoiras, e para outros non atopamos paralelos. Tamén sucede que algunhas pezas se relacionan con outras pertencentes á fase III. Plántase con iso unha contradición co encadre cronolóxico até agora proposto (fase II).

FASE III

Para a zona sur son xacementos representativos os castros de Vigo, e do Trega. Nestes castros hai tipos cerámicos que nada teñen que ver cos da Forca, Toralla e Cies. Son as vasillas globulares, cerradas, sen colo e con groso borde reforzado en baquetón, que vai decorado con sulcos verticais profundos, prolongándose, cara adentro, en pico (fig. 1, nº 7). Está moi decorada por todo o seu corpo a base de motivos plásticos e estampillados. Habitualmente vímoslle chamando «bordes reforzados marítimos» por estar totalmente vinculados á costa das rias Baixas (fig. 3), coincidindo coa zona da fase II.

Tamén nos dous xacementos citados se dan as coñecidas fontes con asas interiores (fig. 1, nº 8), que neste caso, aínda que afectan con maior intensidade a toda a zona do Miño á ría de Vigo, repiten claramente a mesma distribución que os vasos tipo Forca ou Castromao (fig. 3).

Na zona Norte hai unha grande vasilla de colo subcilíndrico con dobre reborde (Fig. 1, nº 9), ben representado en Corredoiras e en Borneiro, que se estende prioritariamente por esa área, pero aparece tamén no castro de S.

⁶ En xeral para o tema do estampillado, véxase Rogríguez Puentes (1986).

Cibran das Lás⁷ da subárea do Miño. (fig. 3). Esta mesma distribución reproducécese coas decoracións cordadas ondulantes (fig. 1, nº 10).

As asas de orella (fig. 1, nº 11) teñen un reparto eminentemente meridional (bacias do Miño e Rias Baixas), pero tamén se estenden cara o Norte unicamente pola costa (fig. 3).

Outro caso interesante é a dispersión das vasillas con decoración perlada (fig. 1, nº 12), que contrariamente a todo o exposto, teñen un reparto xeralizado (fig. 3).

Por outra parte, dentro da arquitectura existe un elemento definidor da subárea meridional na fase III. Trátase dos vestíbulos das construcións curvas ou angulares, característicos da fase final da cultura castrexa (Ferreira de Almeida, 1983; 71). Este elemento aparece unicamente en Galiza, na bacia média e baixa do río Miño, segun o estado presente do noso coñecemento da arquitectura castrexa (Romero, 1976; 61).

Para Ferreira de Almeida (1983; 71) o vestíbulo nas construcións aparece nun momento moi avanzado da cultura castrexa, en torno ao século I a.C., mentras que para Coelho (1986; 42) xa se iniciaría na parte final da fase II, en torno á primeira metade do s. II a.C.

Calo (1983; 161 ss) sinala que, a traves do estudo da arte castrexa da última fase se observa unha diferenza esencial entre os conventos lucence e bracarense. A decoración arquitectónica de cordados, rosáceas, esvásticas, etc., así como a estatuaria de guerreiros e figuras sedentes, ten a súa área de dispersión polo convento bracarense unicamente. Na Galiza aparecen estes elementos nos castros de Sta. Trega, Troña, S. Cibran das Lás, Rubiás, Armeá, Vilar de Barrio e Castromao, entre outros; todos nas bacias média e baixa do Miño e alta do Limia.

CONTACTOS EXTERNOS

Unha vez expostas as diferenzas detectadas entre os materiais de produción local ou rexional para as distintas áreas, pode resultar significativo salientar o grao de incidencia nas mesmas dos contactos exteriores.

Ao respecto conven considerar as cerámicas de importación presentes nos xacementos castrexos, se ben isto reflexará tan só un aspecto parcial nos intercámbios e comunicacións do NW, dado o seu carácter de bens de prestíxio. Productos de luxo son, evidentemente, as cerámicas finas, pero tamén as cerámicas comúns que na súa maior parte serviron de envases a materias

⁷ O castro de S. Cibran das Lás co seu desenrolo pleno na fase III é unha boa referencia para situar cronoloxicamente algunhas cerámicas.

orgánicas de consumo restrinxido (aceites, unguentos, perfumes, viños ou salsas de pescado).

Cando menos dende os s. IV-III a.C. chegan a Galiza manufacturas cerámicas moi difundidas polos mercados do Mediterráneo Occidental (Fariña, 1983; 119-120). Pezas «púnicas», gregas ou campanienses, mostran unha distribución semellante e acorde, que revela a existencia de comunicacións marítimas entre o SW peninsular e a costa galaica até mediados do s. I a.C. (fig. 4). Foron recoñecidos varios fragmentos de cerámicas púnicas ou máis ben ibero-púnicas, entre os que predominan os envases masivos, tipo grandes urnas ou ánforas, e as pastas porosas de tonalidades ocre-amarelentas ou beige-alaranxadas, ás veces decoradas con franxas horizontais pintadas. Outros fragmentos corresponden a cerámicas finas de «barniz negro», que polas súas reducidas dimensións e mal estado de conservación, non sempre poden atribuírse con seguridade á produción ática, á campaniense ou ás múltiples imitacións. No caso das campanienses, son absolutamente maioritarias as formas abertas e baixas, tipo plato ou pátera (Lamb. 36 e Lamb. 5).

A reducida proporción destas pezas nos xacementos, así como a dispersión dos mesmos, permiten supor que os contactos aínda que pouco intensos deberon ter certa regularidade. A costa da provincia de Pontevedra, ou mellor as Rías Baixas, foron o foco de atracción principal, dende o cal os produtos mediterráneos penetraron en certa medida polas principais artérias fluviais (Miño e Ulla) ou remontaron a costa até o golfo ártabo (rias Ferrol-Coruña). Esta situación manterase sen cambios importantes até vésperas da conquista militar romana, (é dicir durante toda a fase II e a primeira parte da fase III). Nen as grandes transformacións políticas (guerras púnicas, destrución de Cartago), nen os conflitos máis próximos (guerras lusitanas, campaña de D.J. Bruto) parecen alterala.

Non se poden descartar os contactos coa Meseta pola falta de materiais «característicos», especialmente nas zonas Este e Sur da provincia de Ourense, xa sexa pola bacía do Sil, ou ben via Tras-os-Montes.

As cerámicas de importación non bastan para valorar as transformacións derivadas da integración política no Imperio Romano, tales como a imposición dunha complexa administración, o comezo da circulación monetaria ou o trazado da rede viaria. Pero estes materiais poden documentar unha faceta do proceso de aculturación que sufriu o mundo castrexo, e da xénese do galaico-romano.

Dispomos dunha ampla gama de produtos foráneos desde fins do s. I a.C. até época flávia, entre os que escollimos as ánforas e a terra sigillata por ser estes os máis abundantes e representativos.

As ánforas itálicas (maioritariamente da forma Dressel I) presentan unha distribución costeira moi semellante á das cerámicas do período anterior, alcanzando algún punto máis ao Norte. Quizais haxa que supor unha continui-

dade dos médios e canles de distribución, polo, menos até finais da época augústea. En comparación, as ánforas hispánicas (sobre todo Haltern 70) con datacións centradas na primeira metade do s. I d.C., teñen unha dispersión moito maior e chegan a varias zonas do interior (Naveiro, 1986). Non obstante, as Rias Baixas seguirán sendo o principal foco de atracción do tráfico marítimo, agora tan intenso que fará posíbel a formación de enormes vertedeiros de testos como os que apareceran nos castros de Sta. Trega, Vigo, A Lanzada e Neixón Grande entre outros (fig. 5).

A terra sigillata itálica está representada principalmente polo productos aretinos de formas clásicas e avanzadas (Goudineau 27, 38 e 39), que cobren o período comprendido desde pouco antes do cambio de Era até época de Claudio. Salvo algunhas excepcións, a súa distribución mostra unha notoria preferencia pola via marítima (Caamaño, 1983; 229-230). As rutas terrestres, en cambio, parecen ser as preferentes no caso da terra sigillata gálica, cuxos productos (Drag. 15/17, 24/25 e 29) se datan entre o reinado de Nerón e a época Flavia (Caamaño, 1983; 232-233). Están moi ben representados na bacía média do Miño, a onde puideron chegar quizais desde o núcleo bracarense, utilizando xa o trazado da via XVIII do Itinerário de Antonino (fig. 6).

As moedas, a terra sigillata hispánica e outros materiais suliñan a progresiva importancia das vias terrestres, e o aumento do fluxo cara os vales do Douro e do Ebro. A estrutura administrativa sera o determinante, integrando ao NW na provincia H. Citerior/ Tarraconense e deseñando a rede viária en función das capitais de conventus, que se converterán ás veces en importantes centros comerciais, como parece ser o caso de Brácar Augusta.

CONCLUSIONS

Nas conclusións desta comunicación, de acordo co seu título, deberíase afrontar a compartimentación de todo o territorio galaico, pero os condicionamentos xa expostos que sofre o rexistro arqueolóxico revelan prematura tal intención. Non obstante xuzgamos significativas as diferéncias observadas entre a bacía do Miño e a franxa litoral das Rias Baixas, por canto ambas subáreas si estan ben documentadas:

1.^a A zona litoral centrada nas Rias Baixas, presenta claros elementos propios, especialmente na cerámica local, ao tempo que recibe contactos meridionais via marítima, moi intensos na fase III, que deberon de motivar un maior dinamismo cultural.

2.^a A bacía do Miño tamén presenta conxuntos cerámicos bastante definitorios (ademais das particularidades da arquitectura e escultura citadas), tendo influxos marítimos pero tamén outros interiores, sobre todo na bacía média, que aínda non podemos valorar.

Tampouco podemos polo momento fixar uns límites precisos entre esas subáreas, límites que dificilmente existiron a xuzgar polo grau de desenvolvemento político que alcanzou a cultura castrexa. Isto plantea o problema de considerar zonas de transición ou transferencia. É o caso do Baixo Miño, que comparte moitos elementos coa bacía média, aínda que resulta innegábel a presenza do influxo marítimo que caracteriza á subárea das Rías Baixas.

Polo que respeita á parte septentrional, só diremos que está claramente diferenciada destas dúas subáreas, pero existen algúns indicios máis que significativos dunha provábel zonificación, que haberá que concretar con futuras investigacións. Recentes excavacións na bacía média do Ulla presentan conxuntos cerámicos homoxéneos e diferenciábeis dos procedentes das subáreas xa caracterizadas. Ao mesmo tempo, estes conxuntos tampouco poden paralelizarse cos doutros xacementos septentrionais, tales como Recarea, Borneiro, Elviña, etc., aínda que teñan elementos relacionábeis. Con todo, é moi cedo para pretender definir esta zona.

A lóxica compartimentación da cultura castrexa ven condicionada, dunha parte polas acusadas variacións do medio xeográfico, e doutra, pola existencia de unidades de carácter, se non político, marcadament territorial (*populi*), que tiveron que repercutir na «rexionalización» da cultura material.

Desde un punto de vista topográfico, a dorsal média galega, así como outros elementos da orografía, deveu representar un papel determinante. Non sabemos se entre as bacías altas dos ríos Lerez e Verdugo-Oitavén, e a bacía do Miño, esta dorsal cumpriu unha función separadora, aínda que dispomos de elementos suficientes para pensar que este fenómeno sucede entre as bacías medias do Ulla e do Miño. Aquí vense claras diferéncias entre castros por exemplo da zona de Silleda, no vale do río Deza, e outros nos vales dos ríos Avia e Arenteiro, como Cameixa ou Coto do Mosteiro, distantes menos de 25 Qm. dos anteriores.

O fenómeno de zonalización hai que enténdelo dentro dun complexo abanico de causas, que aínda non estamos en condicións de explicitar. Factores como o mencionado anteriormente, a intensidade das comunicacións, o arraigo das tradicións locais, etc., tiveron que influir certamente no mesmo. Algunhas zonas definidas (bacía do Miño e Rías Baixas) presentan, sen dúbida, un maior dinamismo cultural; dinamismo que hai que explicar non só a traves de causas endóxenas, senón tamén en virtude dos influxos exercidos polos contactos e intercámbios exteriores⁸.

⁸ Agradecemos aos nosos compañeiros das áreas de Prehistoria e Arqueoloxía do Departamento de Historia I da Universidade de Santiago as suxerencias feitas para a elaboración deste traballo.

BIBLIOGRAFIA

- CAAMAÑO GESTO, J. M. (1983): «Cerámicas finas de importación en la época romana en Galicia». *Estudos de cultura castrexa e da História Antiga de Galicia*. Pereira, G. (ed.). Compostela; pp. 225-246.
- CALO LOURIDO, F. (1983): «Arte, decoración, simbolismo e outros elementos da cultura material castrexa. Ensaio de síntese». *Estudos de cultura...*; pp. 159-185.
- CARBALLO ARCEO, L. X. (1983): «Aportación al estudio de la sítulas en el Occidente de la Península Ibérica». *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XXXIV; pp. 7-32.
- COELHO FERREIRA DA SILVA, A. (1986): *A cultura castreja no Noroeste de Portugal*. Paços de Ferreira.
- FARIÑA BUSTO, F. (1979): «As fíbulas de "longo travessao sem espira" nos castros do N.W. peninsular». *Boletín Auriense*, IX; pp. 27-49.
- FARIÑA BUSTO, F. et alii (1983): «Panorama general sobre la cultura castrexa». *Estudos de cultura...*; pp. 87-127.
- FERREIRA DE ALMEIDA, C. A. (1983): «Cultura castreja. Evolução e problemática». *Arqueologia*, nº 8. Porto; pp. 70-74.
- FERREIRA DE ALMEIDA, C. A. (1986): «Arte castreja. A sua lição para os fenómenos de assimilação e resistência á romanidade». *Arqueologia*, nº 13. Porto; pp. 161-172.
- NAVEIRO LOPEZ, J. L. (1986): «El comercio marítimo en el N.W. durante época romana a través de la ánforas». *Revista de Arqueología*, nº 57. Madrid; pp. 40-45.
- PEREZ OUTEIRIÑO, B. (1982): *De ourivesaria castrexa. I. Arracadas*. Boletín Auriense, anexo 1. Ourense.
- PONTE, S. da (1980): «A génese das fíbulas do N.W. peninsular». *Actas do I Seminário de Arqueologia do N.W. Peninsular*, vol. II. Guimarães; pp. 111-119.
- REY CASTIÑEIRA, P. (en prensa): «Algunas consideraciones sobre cerámica castreña». *I Coloquio Internacional de la Edad del Hierro en la Meseta Norte* (Salamanca, 1984).
- REY CASTIÑEIRA, P. (1982): «Avances sobre a tipoloxía da cerámica castrexa: as xerras». *El Museo de Pontevedra*, XXXVI; pp. 3-38.
- RODRIGEZ PUENTES, E. (1986): *La cerámica estampillada castreña (aportación a su estudio)*. Tese de licenciatura, inédita. Universidade de Santiago.






Fig. 1 — Tipos cerâmicos representativos das fases II (1. xerras tipo Toralla; 2. bordes tipo Cies; 3. vasos tipo Castromao; 4. vasos tipo A Forca; 5. aristados; 6. bordes reforzados tipo Corredoiras) e III (7. borde reforzado marítimo; 8. fonte de asas interiores; 9. lábio con dobre reborde; 10. cordóns ondulados; 11. asas de orella; e 12. decoración perlada).



FASE II

- XERRAS TIPO TORALLA
- BORDES TIPO CIES
- ▽ VASOS TIPO A FORCA
- ▼ VASOS TIPO CASTROMAO

Fig. 2 — Distribución de vasos cerámicos castrexos da Fase II.



FASE III

- VASOS CON DECORACIÓN DE PERLAS
- VASOS CON ASAS EN ORELLA
- ▲ DOBLE REBORDE
- * BORDE REFORZADO MARÍTIMO
- * FONTE DE ASAS INTERIORES

Fig. 3 — Distribución de vasos cerámicos castreos da Fase III.



- ▼ CERAMICA GREGA
- CAMPAIENSE E AFINS
- CERAM. IBERO-PUNICA

Fig. 4 — Mapa de distribución de cerámicas áticas, ibero-púnicas e campanienses.





Fig. 5 — Mapa de distribución de ânforas itálicas e hispánicas.



- TERRA SIGILLATA ITALICA
- TERRA SIGILLATA GALICA

Fig. 6 — Mapa de distribución de sigillata itálica e gálica.